


Diario de Pontevedra

A familia Bóveda atopa 22 poemas inéditos de Amalia Álvarez

Os textos da viúva do galeguista fusilado en 1936 estaban agochados entre o seu legado persoal. Os herdeiros valoran a posibilidade de reunilos nunha pequena publicación unha vez analizados e clasificados



Algúns dos poemas atopados pola familia cun deles manuscrito en primeiro termo. RAFA FARIÑA

Domingo 20 de Marzo de 2016 | Belén López | Pontevedra

"Y así en la lejanía/ te veo ausente,/ pero no estás por eso/ lejos de mí,/ que tu imagen mi alma/ tiene presente/ y ya no sé si vivo/ o vives tú en mí". Son versos de Amalia Álvarez Gallego (Lugo, 1906 - Pontevedra, 2001), a viúva do galeguista fusilado en 1936 Alexandre Bóveda. A familia descubriu o ano pasado, entre o material pendente de clasificar do seu arquivo persoal, sete poemas inéditos. Un

deles, o que contén os versos citados, foi elixido para ser lido no acto de inauguración do Parque Amalia Álvarez o pasado 10 de febreiro, unha decisión, a de bautizar co nome da matriarca dos Bóveda o novo parque da Eiriña, aprobada por unanimidade nun pleno municipal. Encargouse de darlle lectura ao poema a concelleira Pilar Comesaña.

A semana pasada, Amalia Bóveda, a única filla viva de Alexandre e Amalia, a nena da que ela estaba embarazada cando el foi fusilado, atopou máis poesías da súa nai: un total de 22. Agora, os descendentes valoran realizar unha publicación con todo ese material, unha vez analizado e clasificalo, a modo de homenaxe. "Non foi unha gran sorpresa descubrir que a miña avoa escribía. Que a poesía estaba nela sabíámolo todos", explica Valentín García Bóveda, neto de Amalia Álvarez e vicepresidente da Fundación Alexandre Bóveda. "Tiña unha evidente sensibilidade cultural. Criouse nunha familia onde todos escribían e seguen escribindo, dende seu avó [Emilio Álvarez Giménez] e seu pai [Gerardo Álvarez Limeses] ata os descendentes que lles seguiron como os Álvarez Blázquez e os Álvarez Cáccamo xa na actualidade. O que non coñeciamos eran os poemas, non sabiamos que se conservaban".

Fonte: <http://diariodepontevedra.galiciae.com>

Data de descarga: 10/08/2017